Basilio Álvarez Rodríguez

Basilio Álvarez Rodríguez, Ourense 10 de agosto de 1877 - Tampa (Florida) o 15 de novembro de 1943, foi unha das figuras máis destacadas do movemento agrario galego.



Formou parte xunto personalidades como Manuel Portela Valladares e Alfredo Vicenti do grupo de intelectuais e políticos residentes na capital do Estado que se reunían para debater sobre os problemas de Galiza, grupo que constitúe as orixes de Acción Gallega (1910). Precisamente, el será un dos fundadores desta asociación agraria.

ACCIÓN GALLEGA

Acción Gallega foi o nome dun dos mais importantes movementos agrarios e anticaciquís na Galiza do século XX. De carácter decididamente antiforal, redencionista, na súa primeira formulación, constituíu a variante radical do agrarismo galego na década de 1910.

Un grupo de políticos, intelectuais e periodistas galegos residentes en Madrid reuníanse, día tras día: Eran Basilio Álvarez, Alfredo Vicenti, Manuel Portela etc

O tema de discusión constante era o das loitas agrarias en Galiza; concretamente o da liberación do campesiño e, máis en xeral, do país galego.

O movemento, centrado na loita contra os caciques, cunha ideoloxía de clara inspiración res¡xeneracionista e no antiforismo redencionista, baseábase na fogosidade e gallardía de Basilio Álvarez e no seu grupo incondicional de amigos nos primeiros momentos.

HIMNO

O seguinte poema pertence ao libro *Da terra asoballada* (1917) de R. Cabanillas. Trátase dun himno de loita, escrito para a asociación agraria que fundara Basilio Álvarez en 1910. Nel aléntase aos labregos de Galicia a rebelarse contra as estruturas sociais inxustas, como os foros e o caciquismo, que os mantiñan nunha situación de explotación e pobreza.

¡Irmáns! ¡Irmáns galegos!
¡Desde Ortegal ó Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrilar!

Que vexa a Vila podre,
coveira da canalla,
a Aldea que traballa
disposta pra loitar.

Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns galegos!
que corra a sangre a regos
dende a montaña ó mar.

¡Ergámonos sen medo!
¡Que o lume da toxeira
envolva na fogueira
o pazo señorial!

Xa o fato de caciques
ladróns e herexes fuxe
ó redentor empuxe
da alma rexional

Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns galegos!
que corra a sangre a regos
dende a montaña ó val.

Ramón e Antón Vilar Ponte

Ramón Vilar Ponte, nado en Viveiro o 10 de Xullo de 1890 e falecido na Coruña o 14 de setembro de 1953, foi un dos máis importantes ensaístas das Irmandades da Fala, xunto ao seu irmán Antón.

Antón Vilar Ponte, nado en Viveiro o 2 de outubro de 1881 e finado na Coruña o 4 de marzo de 1936, foi un dos principais alentadores do galeguismo de preguerra e un xornalista destacado. Dedicóuselle o Día das Letras Galegas no 1977.

As Irmandades da Fala foi unha organización nacionalista galega activa entre 1916 e 1931. Coas Irmandades da Fala, o movemento galeguista asumiu por vez primeira o monolingüísmo en galego.

O 18 de maio de 1916, Antón Vilar Ponte convocou unha xuntanza nos locais da Real Academia Galega na Coruña, á que asistiron arredor de 20 persoas, entre as que se encontraban Manuel Lugrís Freire, Florencio Vaamonde Lores, Uxío Carré Aldao, Luís Porteiro Garea, Francisco Tettamancy ou Ramón Vilar Ponte, entre outros.

Nesta xuntanza acordouse a creación dunha Irmandade dos Amigos da Fala que tería como **obxectivo a defensa, exaltación e fomento da lingua de Galicia**, e nomeouse a Antón Vilar Ponte como Primeiro Conselleiro.

Ramón Vilar Ponre

Antón Vilar Ponte